

Dignificar a dor do silencio

Logo de gañar o Premio SELIC, a novela «O silencio non arrola», de Adrián Noia, acaba de chegar ás librarías para amosar a realidade de milleiros de persoas que continúan na procura dos restos dos seus parentes en fosas e cunetas. O autor aborda a historia familiar que foi xermolo da novela, unha busca que está a piques de concluír.

[Carolina Sertal](#) Vigo

22 de xullo de 2026

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2026/07/22/dignificar-dor-do-silencio-132676416.html>

«O día que eu nacín, **María Civera Caudet** levaba 54 anos esperando». Como tantas avoas, nais, fillas ou irmás de familias españolas, a muller que inspirou ao compostelán **Adrián Noia** boa parte da novela coa que o ano pasado acadou o Premio SELIC de creación literaria, «O silencio non arrola», agardou toda unha vida para obter acougo e recuperar os restos do seu irmán, **Antonio Civera Caudet**, un soldado republicano que fuxiu a Francia e que, tras ser capturado, sobreviviu aos campos de concentración nazis de Mauthausen e Gusen até que foi liberado en 1945, falecendo dous anos máis tarde en París ao non ter a posibilidade de regresar a España. María Civera Caudet endexamais retirou dos dedos da súa man un anel que portaba un retrato do seu irmán, a quen incluso intentou axudar entrando na Falanxe para ver se era posible, dende o núcleo, contribuír ao seu regreso.

Foi aquel xesto de dor e esperanza, o de levar sempre consigo o anel e nunca retiralo, o que remexeu algo en Adrián Noia, quen se recoñece moi «sensible» para todo o relacionado coa **memoria histórica democrática**, de maneira que María Civera Caudet foi a muller pola que atopou azos para escribir a historia que, logo de acadar o galardón, acaba de chegar ás librarías para amosar a realidade de milleiros de persoas que continúan na procura dos restos dos seus parentes en fosas e cunetas.

«Se ben esta historia da miña rama familiar de Valencia non é a parte central da novela, si que é certo que está moi presente ese espírito de gardar a memoria de falar diso porque, algo moi habitual nas familias nas que houbo represaliados é, precisamente, o silencio e non mencionar esa dor, pero a miña tía María si que o facía», sinala o autor, engadindo neste senso que «a novela o que intenta non é tanto buscar os culpables da guerra, senón **falar do silencio, dese sufrimento** desta xente, que tivo familiares que foron asasinados, exiliados ou represaliados».

Logo de asistir en 2022 a unha homenaxe que se lle fixo a Antonio Civera Caudet, e tendo moi presente a figura de María, Adrián Noia tamén centrou a súa ollada no «baleiro» do que era consciente que tamén existía na historia familiar da rama materna en Galicia: «Eu sabía que dentro da miña familia máis directa había unha historia e que decidín investigar sobre todo nos xornais, facendo un percorrido por estes familiares. Sempre tiveron curiosidade por saber que acontecera, porque a miña bisavó morreu cando a miña avoa tiña 8 anos, sei que tanto ela como o meu bisavó viviron circunstancias complexas durante a guerra, porque el foi reclutado no 37 e no 38 **estivo na Falanxe moi pouco tempo**, pero polo que falei cunha investigadora da Universidade de Santiago de Compostela, neses anos, especialmente en Santiago, houbo moitos alistamentos e moitos non por motivos ideolóxicos, senón por supervivencia. Sei tamén que eran xornaleiros, eran xente traballadora, e con este contexto de base pensei en reconstruír esta historia de maneira ficcionada para intentar pechala, aínda que nunca saberei que foi o que aconteceu», destaca o tamén autor de «Pontealbar», publicada hai menos dun ano en Galaxia.

O colectivo da memoria

Ter recibido o **Premio SELIC** de creación literaria pola que constituía a súa primeira novela de memoria histórica é para este autor compostelán «unha maneira de dar dignidade a estas historias familiares propias, porque en realidade tamén é a historia de moita xente que aínda que sexan netos ou bisnetos continúan buscando os restos deses familiares. Hai persoas que teñen éxito e os atopan, pero eu por exemplo, a día de hoxe, pois non sei onde está a miña bisavoa. Esta é unha maneira de plasmar o que aconteceu na posguerra, o que pasou con moita xente anónima que está enterrada en fosas e cunetas, e tamén de que as familias vexan que non están soas, de sentir o colectivo dentro da memoria histórica, de que si están acompañadas».